



ADMISIÓN DE ALUMNADO

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 15/03/13)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA O ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN AO CENTRO do 1 de marzo ao 29 de marzo de 2015, ambos os dous inclusive

1. O DOCUMENTO PARA A SOLICITUDE DE ADMISIÓN (Anexo II) será facilitado polo centro e poderá descargarse na web.
2. Xunto coa solicitude de admisión deberán entregar a seguinte documentación:
 - Documento de autorización do pai e nai ou titores legais.
 - Se é o caso, certificación de custodia ou copia da sentenza ou convenio regulador.
 - Se é o caso, credencial de situación de violencia de xénero.
 - Certificado de padrón, onde figuren todos os membros da unidade familiar cunha antigüidade mínima dun ano.
 - DNI do alumno/a ou fotocopia do libro de familia.
 - Se é o caso, solicitude de transporte escolar.
 - Se é o caso, solicitude de comedor.
 - Se é o caso, certificación de discapacidade no alumno/a, ou no seu pai, nai ou titor/a legal ou nalgún irmán.
 - Se é o caso, acreditación da condición de familia numerosa ou monoparental.
 - Se é o caso, certificación laboral da empresa do pai e da nai ou titores legais.
3. Cada solicitante só poderá entregar unha única solicitude, no centro que se solicita en primeiro lugar.
4. O alumnado con necesidades educativas específicas achegará a documentación que acredite esta petición, derivada de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación ou de trastornos graves de conduta.
5. O solicitante poderá demandar que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo, neste caso, xunto coa solicitude de admisión, deberá achegar unha certificación da empresa.
6. A cantidade que debe figurar na casaña Renda anual per cápita da unidade familiar (Folla 2 do Anexo II) será a suma das que figuran nas casañas 430 e 445 da declaración do IRPF do exercicio 2014.
7. A táboa de valoracións figura na Folla 4 e seguinte do Anexo II.
8. O alumnado procedente doutro centro debe remitir copia da súa solicitude ao centro de orixe.

Oza dos Ríos, 29 de febreiro de 2016

O alumnado admitido deberá formalizar a matrícula do 20 ao 30 de xuño.

